

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA

GITARRA ELÉCTRICA

TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO 2019-2020

MIGUEL EMILIO SANTALICES BLANCO

Debido á situación excepcional provocada polo Covid-19, e seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes de Galicia, procedemos á adaptación das programacións didácticas para este terceiro trimestre, tendo en conta que nos centraremos no reforzo, repaso e recuperación do 1º e 2º trimestre, así coma na profundización e ampliación daquelas aprendizaxes necesarias para que o alumnado continúe satisfactoriamente co seu proceso educativo.

1. OBXECTIVOS

2. CONTIDOS

3. METODOLOXÍA

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

5. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

7. ATENCIÓN ÁS MATERIAS PENDENTES

A. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

C. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. OBXECTIVOS

- Dixitación de modos e das súas tríades, arpexios e acordes de catro notas, e pentatónicas correspondentes en tódalas posicións.
- Memorización do repertorio traballado durante os dous primeiros trimestres. Unha obra de pop/rock e outra de jazz por trimestre.
- Interpretación correcta das melodías e acompañamentos correspondentes ao repertorio traballado.
- Improvisar con coherencia estilística nas distintas obras de repertorio.

2. CONTIDOS

- Coñecemento do diapasón:
 - 4º curso das ensinanzas profesionais: Modos mixolidio e dórico, cos seus correspondentes arpexos e acordes de tres e catro notas e as súas correspondentes escalas pentatónicas. En todas as posicións.
 - 6º curso das ensinanzas profesionais: Modo locrio, cos seus correspondentes arpexos e acordes de tres e catro notas. En todas as posicións.
- 1 obra de pop/rock e outra de jazz por trimestre.
- Interpretación melódica, acompañamento rítmico-harmónico, improvisación con coherencia estilística e aprendizaxe de solos gravados por guitarristas representativos dos distintos estilos.
- A memorización.

3. METODOLOXÍA

Debido á situación sanitaria actual a metodoloxía, sempre práctica, consiste na realización das clases mediante videoconferencia, na cal o alumno practica as pezas coa supervisión do profesor.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será contínua e relativa á consecución dos obxectivos nas pezas que foran comezadas a traballar antes do período de confinamento. Terase en conta o traballado no período anterior, e únicamente as actividades realizadas durante o terceiro trimestre que favorezan ao alumnado. As obras correspondentes ao terceiro trimestre, cheguen ou non a ser memorizadas por medio das clases telemáticas, terán que ser avaliadas no primeiro trimestre do curso 2020/2021. O alumnado de 6º curso de grao profesional será avaliado unicamente nas 4 obras traballadas durante os dous primeiros trimestres.

5. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A comprobación das cualificacións dos anteriores trimestres e a valoración do desenvolvemento das clases telemáticas.

6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A nota final será a obtida no segundo trimestre, agás naqueles casos nos que o desenvolvemento das clases mellore dita cualificación.

7. ATENCIÓN ÁS MATERIAS PENDENTES

Non hai alumnos con materias pendentes.